

18



Ollos abertos

Condições para pertencer a un grupo

Alguns grupos ou institucións esixen unhas condicións concretas para poder pertencer a eles.

■ **Algunhas condicións ou esixencias para pertencer a un grupo:**

- Solicitude por escrito
- Recomendación de alguén influente
- Probas físicas ou de habilidades
- Presentación por alguén coñecido
- Exame teórico
- Méritos abondosos: estudos, experiencia...
- Participación nun concurso
- Elección por maioría

Condições para entrar ou pertencer a...

Un equipo de fútbol	Un colexio	Unha carreira universitaria	Un posto de traballo	Unha asociación

▶ ¿Cales destas condicións che parecen as máis xustas e axeitadas?



Mirada penetrante

O esencial non se compra

Non todo na vida se consegue con esforzo ou por méritos. Hai aspectos importantes que se nos dan de forma gratuíta, como regalo, como don. E non por iso deixan de ser menos útiles e valiosos.

Velaquí algúns grandes regalos difíciles de comprar:

- O cariño dos...
- A paz e harmonía da...
- A saúde do...
- O gozo da...
- A amizade das...
- O convite dun...
- A compañía dos...
- Un regalo de...

▶ Completa as frases anteriores coas seguintes palabras:

Aniversario - pais - familia - corpo - persoas - amigos - natureza - amigo



Oídos atentos

O regalo do Bautismo

Polo Bautismo, os cristiáns entramos no Novo Pobo da Alianza, a Igrexa. É importante coñecer o que significa este Sacramento do Bautismo



■ 1 ■ A Igrexa bautiza por encargo de Xesús

Xesús, antes de subir ao ceo, encarga aos seus discípulos predicar o Evanxeo e bautizar, para entrar na Igrexa:



- *Ide, pois, e facede discípulos meus en todos os pobos, bautizándoos no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo. (Mt 28,19)*
- *O que crea e se bautice, salvarase. (Mc 16,16)*

Dende entón a Igrexa estableceu o Bautismo, como o Sacramento que nos concede a fe e a salvación.

► Ordena estas palabras para formar dúas frases que resuman o punto anterior.

Cristo - a - bautizar - os - discípulos - mandou

Bautismo - Por - Igrexa - éntrase - o - na

■ 2 ■ Significado do Bautismo

O Bautismo é o grande regalo de Deus, un don gratuíto do seu amor.

■



- *¿Ou ignorades que a cantos nos bautizaron para Cristo Xesús, bautizáronnos para unirmos á morte del? Enterrámonos, logo, con El polo bautismo para a morte, para que, como Cristo foi resucitado de entre os mortos pola gloria do Pai, así tamén nós camiñemos nunha vida nova. (Rom 6,3-4)*

■



- *O pecado foi destruído, co fin de que xa non sexamos escravos do pecado. (Rom 6,6)*

■



- *Os que fostes bautizados en Cristo revestídesvos de Cristo. (Gál 3,27). Para facervos así partícipes da natureza divina. (2 Pe 1,4)*

■

●




- *A todos os que o reciben, aos que cren no seu nome, dálles o poder de seren fillos de Deus. (Xn 1,12)*


●



- *Predestinounos a reproducirmos a imaxe do seu Fillo, para que El sexa o primoxénito entre moitos irmáns. (Rom 8,29)*



-
-  *¿Non sabedes que sodes templos de Deus, e que o Espírito de Deus habita en vós? (1 Cor 3,16)*

-
-  *Todos fomos bautizados nun só Espírito para formar un só corpo (a Igrexa). (1 Cor 12,13)*

► Completa estas frases:

Polo Bautismo

- Morremos e _____ con Cristo a unha vida nova.
- O _____ é destruído e xa non somos os seus escravos.
- Recibimos a _____ de Deus e facémonos _____ seus.
- Facémonos semellantes a _____ e irmáns seus.
- O _____ habita en nós como luz e forza.
- Entramos a formar parte da _____ .



Memoria esperta

O rito do Bautismo

A Igrexa quere que todos se bauticen e invítanos a recordar continuamente que somos bautizados, que levamos o selo de Deus dentro de nós.

- **¿Cales son os froitos do Bautismo en nós?**
- **¿Por que o Bautismo se recibe unha soa vez?**
- **Os que non reciben o Bautismo, ¿poden salvarse?**
- **¿Cal é o rito do Bautismo?**
- **¿Quen é o ministro do Bautismo?**



Sentido e esixencias do Bautismo

Agora podemos comprender o que celebramos cando fomos bautizados e as esixencias que significa para a nosa vida cristiá.

Cando fomos bautizados...	Sentido	Esixencias para a nosa vida
1 Fomos acollidos pola comunidade cristiá co sinal da cruz.		Procuramos facelo nos momentos importantes da vida.
2	O Bautismo purificounos do pecado e deunos nova vida.	Loitamos contra o pecado e vivimos coma fillos de Deus.
3 Marcóusenos na cabeza co crisma (aceite perfumado).	Concedéusenos unha gran dignidade: ser imaxe de Cristo.	
4	A vestidura branca é símbolo da vida nova que recibimos.	Queremos coidala e desenvolve-la, para que dea bos froitos.
5 Entregóusenos unha candea acendida no Cirio Pascual.	Cristo é a luz da nosa vida.	
6	O nosopai é a oración dos fillos de Deus.	Chamamos a Deus Pai e fiámonos da súa bondade e o seu amor.

- ▶ No debuxo aparecen obxectos ou símbolos que se utilizan na celebración do Bautismo. ¿En que momento? Pon o número ao seu lado.
- ▶ ¿Como vivimos as esixencias do Bautismo?

